

## PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no Parlamento de Galicia

### #1

- Non require a declaración do estado de alarma para limitar dereitos e liberdades.

*«As medidas que a lexislación orgánica e ordinaria establecen para os casos de perigos e ameazas para a saúde pública poden chegar a ser suficientes para abordar unha pandemia sen necesidade de recorrer a unha situación constitucional excepcional como é o estado de alarma»*

## PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no Parlamento de Galicia

### #2

- Amplíase o concepto de autoridade sanitaria, engádese ao persoal sanitario para a detección, seguemento e control das enfermidades infecciosas (art. 33.2).
- A autoridade sanitaria poderá solicitar o apoio e colaboración de funcionarios públicos, institucións, persoas físicas e xurídicas (art. 33. 5).
- Os requirimentos que realice a autoridade sanitaria serán de **obrigado cumprimento** (Art. 33.3), incluídas as dos artigos 34. 12 e 38.

**PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no  
Parlamento de Galicia**

**#3**

- Non se establecen prazos máximos de aplicación das medidas de restrición de dereitos e liberdades:

**Art. 34.12.**

*«(...)A duración das medidas a que se refire este punto fixarase para cada caso, sen prexuízo das prórrogas sucesivas acordadas por resolucións motivadas, e non excederá o que exixa a situación de risco extraordinario que as xustificou. (...)»*

# PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no Parlamento de Galicia

## #4

### *“Artigo 38. Medidas preventivas en materia de saúde pública*

*1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:*

***k) Na obrigaón de subministración de datos** necesarios para o control e a contención do risco para a saúde pública de que se trate e no rexistro dos datos subministrados, **en especial de datos que permitan a identificación de persoas** procedentes de lugares ou asistentes a actividades ou establecementos que presenten un risco de transmisión de enfermidades infectocontaxiosas.(...)»*

## PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no Parlamento de Galicia

### #4

***“Artigo 38. Medidas preventivas en materia de saúde pública.***

*1. Co obxecto de protexer a saúde pública, as autoridades sanitarias autonómicas e locais, dentro do ámbito das súas competencias, poderán adoptar medidas preventivas de obrigado cumprimento cando exista ou se sospeite razoablemente a existencia dun risco inminente e grave para a saúde da poboación. Estas medidas poderán consistir:*

*l) En ordenarlles aos cidadáns a **prestación de servizos persoais**, de acción ou omisión, sempre de forma proporcionada á situación de necesidade.»*

**PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no  
Parlamento de Galicia**

**#5**

**Medidas de control de persoas doentes (art. 38.2.b)**

**1º Illamento** en domicilio, **internamento** en centro hospitalario ou noutro lugar adecuado a tal fin.

**2º Sometemento** a tratamento adecuado.

**3º Control** de contactos.

**4º Sometemento** a observación ou a medidas de **vixilancia** do estado de saúde, a **exame** médico ou a **probos diagnósticos** de persoas con síntomas compatibles coa enfermidade.

**5º Sometemento** a **medidas profilácticas** (vacinação, inmunización).

**PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no  
Parlamento de Galicia**

**#6**

**Para facer efectivas estas medidas non é preciso «un  
proceso administrativo específico» (art. 38 ter).**

**Permite a intervención directa de bens e a  
compulsión sobre as persoas, ademais de sancións en  
función da gravidade. (art. 38 ter. 6)**

**Poderase requirir a intervención das forzas e corpos  
de seguridade. (art. 46 bis).**

**Serán competentes para establecer as medidas  
sancionadoras: Consellería de Sanidade, SERGAS,  
Consello da Xunta, Concellos.**

**PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no  
Parlamento de Galicia**

**#7**

**Será obrigado dar audiencia ás persoas afectadas por  
algunha destas medidas, con anterioridade á súa  
aplicación salvo...**

**Art. 38 ter. 5** *«Se, debido á urxencia do asunto, non for posible efectuar tal audiencia previamente, realizarase nun momento oportuno tras a adopción e posta en aplicación da medida.»*

**Art. 46.** *O trámite de audiencia **poderase omitir en casos de extraordinaria urxencia** debidamente xustificados na resolución.*

**Art. 46 ter.** *O trámite de audiencia previa **poderase omitir en caso de urxencia**, que deberá estar debidamente motivada na resolución que determine a adopción das medidas provisionais. Nestes casos, efectuarase un trámite de audiencia con posterioridade á adopción da medida.»*



**PL Saúde Pública que se aprobará mañá, 23-02-21, no  
Parlamento de Galicia**

**#8**

**NON É UNHA LEI DE SAÚDE PÚBLICA**

**É UNHA LEI QUE LEGALIZA A SUSPENSIÓN DE DEREITOS  
FUNDAMENTAIS DAS PERSOAS DOENTES E DA CIDADANÍA,  
SEN REQUIRIR A DECLARACIÓN DO ESTADO DE ALARMA,  
QUE ESTABLECE COMO PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN O  
SOMETEMENTO DAS PERSOAS A PRÁCTICAS MÉDICAS SEN  
O SEU CONSENTAMENTO, A ILLAMENTOS E  
INTERNAMENTOS OBRIGADOS, Á IMPOSICIÓN DA  
DELACIÓN COMO DEBER.**